


# Ciclo Cine e movimento obreiro



## Pan e rosas

### Ficha técnica:

**Título orixinal:** Bread and Roses

**País, ano e duración:** Reino Unido, 2000,  
110 minutos

**Director:** Ken Loach

**Guionista:** Paul Laverty


**Música:** George Fenton

**Fotografía:** Barry Ackroyd

**Elenco:** Pilar Padilla, Adrien Brody, Elpidia Carrillo, George López, Jack McGee.

## **Sinopse**

A película conta a explotación das persoas encargadas da limpeza nun edificio nos Ánxeles e a súa loita para mellorar as pésimas condicións de traballo, incluído o dereito a sindicarse, que non o tiñan recoñecido. A protagonista, unha inmigrante indocumentada, coñece a un organizador sindical e móstrase receptiva ás súas propostas e ideas, pero moitas traballadoras -a súa irmá é unha delas- teñen medo a involucrarse non so por temor ao despido, senón tamén polo medo á deportación. As traballadoras deciden organizarse e loitar facendo protestas dentro dos propios edificios.



## **Como se fixo a película:**

A película está baseada na campaña Justice for Janitors (Xustiza para as limpadoras) levada a cabo polo sindicato Service Employees International Union (Sindicato Internacional de Empregados de Servizos) nos Ánxeles nos anos 90 do pasado século en contra dos baixos salarios, falta de dereitos e pésimas condicións de traballo. Este sindicato mantén controvertidas relacións coa AFL-CIO (a central sindical preponderante nos Estados Unidos), da que entrou e saíu varias veces por ter posturas enfrontadas por diversos temas de calado social. Actualmente está dentro, aínda que a súa relación non é pacífica. .

O filme rodouse en localizacións reais, moitos figurantes eran traballadores que participaron nas protestas e os personaxes construíronse entrevistando a traballadoras e sindicalistas. A película utiliza feitos reais para desenvolver a temática (as reunións clandestinas, o medo ao despedimento ou a deportación, as folgas e protestas, as estratexias de presión, a represión policial) e ficciona o relativo aos personaxes, utilizando varias persoas reais para construílos.

---

## Nomes propios

**James Oppenheim:** É o autor do poema *Pan e Rosas*, que dá nome á película. O poema é do ano 1910 e foi adoptado como consigna polas mulleres téxtiles en folga -sostida polo sindicato IWW- do ano 1912 en Lawrence (Estados Unidos), e que fai mención ás reivindicacións do momento: lóitase non só polo alimento físico (o pan), senón tamén polo espiritual (liberdade, dignidade e emancipación, as rosas). O poema foi musicado varias veces, ata que se converteu nun himno para as mulleres traballadoras, sendo interpretado por, entre outras, por Joan Báez, John Denver ou Judy Collins.

Fragmento: *“A medida que imos marchando, marchando, traemos con nós días mellores. O levantamento das mulleres significa o levantamento da humanidade. Xa basta da escravitude do traballo e do lacazán: dez que traballan para que uno repouse. Queremos compartir as glorias da vida: pan e rosas, pan e rosas!”*

**Ken Loach:** O director da película é o máximo representante do cine social europeo. Os seus filmes versan sobre cuestións candentes da clase obreira: o paro, a explotación, a dificultade da supervivencia... As súas películas máis salientables son *Nun mundo libre*, *Terra e liberdade*, *A cuadrilla*, *Chámome Joe*, *Chovendo pedras*, *Riff-Raff* e outras.

**Paul Laverty:** É o guionista de cabeceira de Loach e participou na maioría das súas películas. Comprometido coa cine de contido social, colabora tamén habitualmente con Iciar Bollaín (*Yuli*, *También la lluvia*, *El olivo*).

**Adrien Brody:** nacido no barrio obreiro de Woodhaven, en Nova Iorque, sempre reivindicou a súa orixe, así como a defensa da escola pública. Interpretou con entusiasmo o papel de Sam, o sindicalista entregado en *Pan e rosas*, papel que lle abreu o camiño para a participación na película de Polanski *O pianista*, pola que recibiu un Oscar.

**Pilar Padilla:** Fai o papel de Maya, a limpadora que desperta á loita polos seus dereitos. Actriz mexicana, foi no seu país onde exerceu practicamente toda a súa carreira artística.

**Elpidia Carrillo:** Tamén mexicana, fixo o papel de Rosa, a irmá temerosa de Maya. A súa carreira desenvólvese con éxito en Estados Unidos, con participacións en películas (*Salvador*, *Baixo o fogo*, *Depredador*, etc.) e series de televisión.

**BREAD, AND ROSES TOO**

